



Lugo, 28 de xuño de 2013.

A Concellería de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación do Concello de Lugo, integra, entre outros servizos municipais, os relativos ás áreas de contratación e fomento e promoción da actividade económica, do comercio e do emprego.

En virtude das súas atribucións, a Concellería está a elaborar unha base de datos de empresas e profesionais (e tamén das entidades e asociacións destes), radicados no concello de Lugo. Os obxectivos principais desta iniciativa, son dous:

- axudar á promoción das empresas que o soliciten á través das tecnoloxías da información e as comunicacións, e
- dispor dun catálogo o mais amplo posible de empresas, clasificado por sectores de actividade, que se poida utilizar para facer invitacións aos procedementos de contratación municipal nos que a lexislación vixente o permita.

A promoción das empresas, farase a través da páxina web do Centro de Empresas e Innovación dependente do Concello de Lugo (<http://www.lugo.es/cs/Satellite?c=Page&cid=1227463765879&idioma=gl&mostrar=2&pagename=CEI%2FPage%2FCEIInicio>), na súa sección de "Promoción de Empresas". Nesta sección, poderán realizar a inscrición aquelas empresas que o desexen, a través do formulario web dispoñible no apartado "Difusión de empresas". Tamén, a través doutro formulario web dispoñible no apartado "Difusión de actividades", poderán publicitar os eventos ou actividades programadas ou realizadas, as empresas que o desexen.

A utilización das novas tecnoloxías da información e as comunicacións, é unha ferramenta importante de difusión e de promoción das actividades profesionais e empresariais, principalmente porque o ámbito de difusión, non está circunscrito a un ámbito xeográfico limitado coma nos medios tradicionais. Deste xeito, resulta moi interesante contar con ferramentas de promoción tales coma as páxinas web, escaparates virtuais das actividades empresariais accesibles desde calqueira punto do mundo, ou os contactos a través do correo electrónico.

A difusión desta iniciativa entre os diferentes colectivos empresariais e profesionais da cidade, é indispensable para acadar os obxectivos da mesma. Por este motivo, é importante o labor de difusión da mesma entre os asociados da súa organización, para que poidan solicitar a súa inclusión na base de datos se fora do seu interese e tamén, a inclusión da propia asociación.

Desde a Concellería, parécenos unha iniciativa interesante e un servizo que a administración local pode prestar ás empresas e profesionais lucenses a través dunhas infraestruturas de comunicación coas que conta e que teñen un alto potencial de difusión. Pedimos e agradecemos de antemán, a colaboración das asociacións de empresarios e profesionais, a través da difusión desta iniciativa entre os seus asociados, para en conxunto, acadar unha maior eficacia da mesma e que repercuta positivamente no contorno socioeconómico do concello de Lugo.

Un cordial saúdo.

A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.



Asdo, Sonia Méndez García.

